

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**892** Orde ESS/66/2013, do 28 de xaneiro, pola que se actualizan as cantidades a tanto global das indemnizacións por lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo e non invalidantes.

O artigo 150 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, establece que as lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo, causadas por accidentes de traballo e enfermidades profesionais que, sen chegar a constituír unha incapacidade permanente, supoñan unha diminución ou alteración da integridade física do traballador e aparezan recollidas no baremo anexo ás disposicións de desenvolvemento da dita lei, serán indemnizadas, por unha soa vez, coas cantidades a tanto global que nel se determinen, pola entidade que estivese obrigada ao pagamento das prestacións de incapacidade permanente, todo isto sen prexuízo do dereito do traballador a continuar ao servizo da empresa.

O baremo a que se refire a disposición legal citada foi establecido pola Orde do 15 de abril de 1969, modificada pola Orde do 15 de abril de 1974. Posteriormente, a Orde do 11 de maio de 1988 revisou determinadas contías del co fin de suprimir as discriminacións, por razón de sexo, existentes. A Orde do 16 de xaneiro de 1991 actualizou as contías de acordo coa evolución do índice de prezos de consumo (IPC) correspondente ao período 1974 a 1990, e a Orde TAS/1040/2005, do 18 de abril, fixo o propio de acordo coa evolución do IPC entre 1991 e 2004.

A disposición adicional quincuaxésimo sexta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, incorporada pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, establece que este ministerio procederá a actualizar os importes, segundo baremo, das lesións permanentes non invalidantes, derivadas de continxencias profesionais, recoñecidas pola Seguridade Social. Esta actualización implica un incremento do 19,7 por cento, equivalente á evolución do IPC desde decembro de 2004 ata decembro de 2011.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

Artigo único. *Actualización de contías.*

As contías das indemnizacións por baremo das lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo e non invalidantes, causadas por accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, reguladas no artigo 150 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, quedan fixadas nos importes que se determinan no anexo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde TAS/1040/2005, do 18 de abril, pola que se actualizan as cantidades a tanto global das indemnizacións por lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo e non invalidantes.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Facúltase a Secretaría de Estado da Seguridade Social para ditar as disposicións necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2013 e con aplicación das novas contías contidas no anexo aos feitos causantes que se produzan a partir da indicada data.

Madrid, 28 de xaneiro de 2013.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

### ANEXO

#### Contías das indemnizacións por baremo das lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo e non invalidantes causadas por accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

	Contía — (Euros)
<i>I. Cabeza e cara</i>	
1. Perda de substancia ósea na parede cranial, claramente apreciable por exploración clínica . . . . .	990 a 2.240
2. Diminución da agudeza visual dun ollo en menos do 50 por 100, sempre que con corrección non alcance as sete décimas. . . . .	1.140
3. Diminución da agudeza visual dun ollo en máis do 50 por 100. . . . .	1.920
4. Diminución da agudeza visual en ambos os ollos en menos do 50 por 100, sempre que con corrección non alcance en ambos os ollos as sete décimas . . . . .	2.420
5. Alteracións da voz e trastornos da linguaxe, conservando voz social. . . . .	720 a 2.420
Nota: A agudeza visual especificarase sempre de acordo coa escala de Wecker, con e sen corrección óptica.	
1.º Órganos da audición:	
6. Perda dunha orella. . . . .	1.810
7. Perda das dúas orellas . . . . .	3.830
8. Hipoacusia que non afecta a zona conversacional nun oído, sendo normal a do outro . . . . .	1.210
9. Hipoacusia en ambos os oídos que non afecta a zona conversacional en ningún deles . . . . .	1.800
10. Hipoacusia que afecta a zona conversacional nun oído, sendo normal a do outro . . . . .	2.420
11. Hipoacusia que afecta a zona conversacional en ambos os oídos . . . . .	3.580
2.º Órganos do olfacto:	
12. Perda do nariz . . . . .	7.940
13. Deformación ou perforación do tabique nasal. . . . .	1.210
14. Perda do sentido do olfacto . . . . .	1.210
3.º Deformacións no rostro e na cabeza, non incluídas nas epígrafes anteriores:	
15. Deformacións no rostro e na cabeza que determinen unha alteración importante do seu aspecto . . . . .	1.280 a 2.560
16. Deformacións no rostro que afecten gravemente a estética facial ou impidan algunha das funcións dos órganos externos da cara . . . . .	1.920 a 7.940
<i>II. Aparello xenital</i>	
17. Perda anatómica ou funcional de testículos:	
Un. . . . .	2.840
Dous . . . . .	6.380
18. Perda parcial do pene, tendo en conta a medida en que afecte a capacidade «coeundi» e a micción . . . . .	2.420 a 4.820
19. Perda total do pene . . . . .	6.810
20. Perda anatómica ou funcional dos ovarios:	
Un. . . . .	2.840
Dous . . . . .	6.380

	Contía – (Euros)
21. Deformacións dos órganos xenitais externos da muller .....	1.570 a 6.380
III. <i>Glándulas e vísceras</i>	
22. Perda de mama da muller:	
Unha .....	2.560
Dúas .....	5.460
23. Perda doutras glándulas:	
a) Salivares .....	2.420
b) Tiroides .....	2.560
c) Paratiroides .....	2.560
d) Pancreática .....	4.540
24. Perda do bazo .....	2.420
25. Perda dun ril .....	4.260

	Contía – (Euros)	
	Dereito	Esquerdo
IV. <i>Membros superiores</i>		
1.º Perda dos dedos:		
A) Polgar:		
26. Perda da segunda falanxe (distal) .....	2.240	1.810
B) Índice: .....		
27. Perda da terceira falanxe (distal) .....	1.140	920
28. Perda da segunda e terceira falanxes (media e distal) .....	1.810	1.320
29. Perda completa .....	2.420	1.810
30. Perda do metacarpiano .....	960	920
C) Medio:		
32. Perda da terceira falanxe (distal) .....	1.210	920
33. Perda da segunda e terceira falanxes (media e distal) .....	1.920	1.350
34. Perda completa .....	2.420	1.810
35. Perda do metacarpiano .....	960	920
36. Perda completa, incluído metacarpiano .....	2.870	2.240
D) Anular:		
37. Perda da terceira falanxe (distal) .....	960	680
38. Perda da segunda e terceira falanxes (media e distal) .....	1.460	1.140
39. Perda completa .....	1.920	1.350
40. Perda do metacarpiano .....	790	750
41. Perda completa, incluído metacarpiano .....	2.420	1.810
E) Maimiño:		
42. Perda da terceira falanxe (distal) .....	680	540
43. Perda da segunda e terceira falanxes (media e distal) .....	1.140	920
44. Perda completa .....	1.350	1.140
45. Perda do metacarpiano .....	1.100	1.100
46. Perda completa, incluído metacarpiano .....	1.810	1.710

	Contía – (Euros)	
	Dereito	Esquerdo
Nota. A perda dunha falanxe de calquera dedo en máis do 50 por 100 da súa lonxitude equipararase á perda total da falanxe de que se trate. . . . .		
2.º Anquilose:		
A) Cóbado e pulso: . . . . .		
47. Anquilose do cóbado en posición favorable (ángulo de 80 a 90 graos) . . . . .	2.940	2.240
48. Anquilose do pulso. . . . .	2.770	1.990
B) Polgar:		
49. Da articulación interfalánxica. . . . .	1.920	920
50. Da articulación metacarpo falánxica . . . . .	2.420	1.810
51. Da articulación interfalánxica e metacarpo falánxica asociadas . . . . .	2.870	2.240
52. Da articulación carpometacarpiana . . . . .	3.200	2.590
C) Índice:		
53. Da articulación segunda interfalánxica (distal) . . . . .	960	680
54. Da articulación primeira interfalánxica. . . . .	1.460	1.140
55. Da articulación metacarpo falánxica . . . . .	1.460	1.140
56. Das dúas articulacións interfalánxicas asociadas . . . . .	1.460	1.140
57. Das articulacións metacarpo falánxicas e unha interfalánxica asociadas . . . . .	1.920	1.350
58. Das tres articulacións. . . . .	2.560	1.920
D) Medio:		
59. Da articulación segunda interfalánxica (distal) . . . . .	750	570
60. Da articulación primeira interfalánxica. . . . .	960	680
61. Da articulación metacarpo falánxica. . . . .	960	680
62. Das articulacións interfalánxicas asociadas. . . . .	1.210	920
63. Das articulacións metacarpo falánxicas e unha interfalánxica asociadas . . . . .	1.460	1.140
64. Das tres articulacións. . . . .	2.060	1.460
E) Anular e maimiño:		
65. Da segunda articulación interfalánxica (distal). . . . .	750	570
66. Da articulación primeira interfalánxica. . . . .	860	610
67. Da articulación metacarpo falánxica. . . . .	860	610
68. Das articulacións interfalánxicas asociadas. . . . .	1.170	920
69. Das articulacións metacarpo falánxicas e unha interfalánxica asociadas. . . . .	1.390	1.100
70. Das tres articulacións. . . . .	1.920	1.390
Nota: Terán tamén a consideración de anquilose as alteracións de sensibilidade, así como os estados que, por sección irrecuperable de tendóns ou por lesións de partes brandas, deixen activamente inmóbiles as falanxes		
3.º Rixideces articulares:		
A) Ombro:		
71. Limitación da mobilidade conxunta da articulación en menos dun 50 por 100 . . . . .	990	830
72. Limitación da mobilidade conxunta da articulación en máis do 50 por 100. . . . .	2.870	2.420
B) Cóbado: . . . . .		
73. Limitación da mobilidade en menos dun 50 por 100 . . . . .	1.920	1.350
74. Limitación da mobilidade en máis do 50 por 100. . . . .	2.560	1.920
C) Antebrazo:		
75. Limitación da prosupinación en menos dun 50 por 100. . . . .	1.070	610
76. Limitación da prosupinación en máis dun 50 por 100 . . . . .	2.560	1.810

	Contía – (Euros)	
	Dereito	Esquerdo
(Ambas as limitacións se medirán a partir da posición intermedia.)		
D) Pulso:		
77. Limitación da mobilidade en menos dun 50 por 100 .....	1.070	610
78. Limitación da mobilidade en máis do 50 por 100 (tamén se determinarán estas limitacións a partir da posición intermedia.) .....	2.420	1.810
E) Polgar:		
79. Limitación da mobilidade global en menos dun 50 por 100. ....	1.460	920
F) Índice:		
80. Limitación da mobilidade global do dedo en máis dun 50 por 100.....	860	610
G) Medio, anular e maimiño:		
81. Limitación da mobilidade global en máis dun 50 por 100.....	750	500
Nota: Cando o membro reitor para o traballo sexa o esquerdo, a indemnización será a fixada no baremo para o mesmo tipo de lesión no membro dereito. Igual norma se aplicará no caso de traballadores zurdos.		

Contía  
–  
Euros

#### V. *Membros inferiores*

1.º Perda das dedas:	
A) Primeira deda:	
82. Perda total .....	2.240
83. Perda de segunda falanxe. ....	990
B) Segunda, terceira e cuarta dedas:	
84. Perda total (cada unha). ....	680
85. Perda parcial de cada deda. ....	500
C) Quinta deda:	
86. Perda total .....	680
87. Perda parcial .....	500
2.º Anquilose: .....	
A) Xeonllo:	
88. En posición favorable (extensión ou flexión ata 170 graos, incluído acurtamento ata 4 centímetros). ....	2.870
B) Articulación tibioperonea astragalina:	
89. En posición favorable (en ángulo recto ou flexión plantar de ata 100 graos). ....	2.420
C) Tarso:	
90. Da articulación subastragalina ou das outras medio tarsianas, en boa posición funcional. ....	1.920
91. Tripla artrodese. ....	2.660
D) Dedas:	
92. Anquilose da primeira deda: .....	
a) Articulación interfalánxica. ....	500
b) Articulación metatarso falánxica. ....	830
c) Anquilose das dúas articulacións. ....	1.280

	Contía – Euros
93. Anquilose de calquera das demais dedas. ....	500
94. Anquilose de dúas dedas. ....	610
95. De tres dedas dun pé. ....	830
96. De catro dedas dun pé (no caso de anquilose das cinco dedas, o polgar valorarase á parte). ....	990
Nota: Serán aplicables ás anquiloses das extremidades inferiores as normas sinaladas para as dos membros superiores.	
3.º Rixideces articulares:	
A) Xeonllo:	
97. Flexión residual entre 180 e 135 graos. ....	1.990
98. Flexión residual entre 135 e 90 graos. ....	1.210
99. Flexión residual superior a 90 graos. ....	610
100. Extensión residual entre 135 e 180 graos. ....	860
B) Articulación tibioperonea astragalina:	
101. Diminución da mobilidade global en máis do 50 por 100. ....	2.130
102. Diminución da mobilidade global en menos do 50 por 100. ....	990
C) Dedas:	
103. Rixidez articular da primeira deda. ....	430
104. Da primeira e segunda dedas. ....	680
105. De tres dedas dun pé. ....	720
106. De catro dedas dun pé. ....	920
107. Das cinco dedas dun pé. ....	1.280
4.º Acurtamentos:	
108. De 2 a 4 centímetros. ....	1.140
109. De 4 a 10 centímetros. ....	2.420
VI. Cicatrices non incluídas nas epígrafes anteriores	
110. Segundo as súas características e, se for o caso, as perturbacións funcionais que produzan. ....	540 a 2.130